

## ACTA DE MESA SECTORIAL 02 DE DICIEMBRE DE 2009

### **Pola Administración**

Esperanza Fenández Lago  
Directora de Recursos Humanos  
Francisco Javier Pena Corredoira  
Subdirector xeral de Relacións Laborais,  
Rexime Xurídico, Recursos e Reclamacións  
Mercedes Castro Seijas  
Subdirectora xeral de Planificación, Selección  
e Desenvolvemento Profesional  
María Ponte García  
Xefe de Servizo de Relacións Laborais  
María Jesús Rúa Moure  
Servizo de Planificación  
Javier García Caoiro  
Xefe de Sección de Relacións Laborais  
Manuel Díaz López  
Xefe de sección de Relacións Laborais  
Paula Olliete Trillo  
Xefe de servizo de Desenvolvemento  
Profesional

### **Polas Organizacións Sindicais**

Mª Elena Carracedo Durán (UGT)  
Javier Martínez Fente (UGT)  
Rosa Mª Vilas Vidal (UGT)  
Luis Jerez Couselo (UGT)  
Mercedes Rosendo Queijo (CC.OO)  
José Antonio Mallón Becerra (CC.OO)  
Angel Comeselle Corbacho (CC.OO)  
Xan R. Fernández Cid (CIG-Saúde)  
Mª Xosé Abuín Álvarez (CIG-Saúde)  
Víctor Vila López (CIG-Saúde)  
Camiño Agulleiro Sambade (CIG)  
Carlos J. Cancela Rodríguez (CSIF)  
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez (CSIF)  
Carlos Botana Albá (CSIF)  
David Dios Núñez (CSIF)  
Carmen García Rivas (SATSE)  
Mª Jesús San Martín Outeiral (SATSE)  
José M. Blanco Docanto (CESM)  
Manuel Nieto Pereira (CESM)  
Candido Andión Núñez (CESM)  
Pilar López Mera (SAE)  
Ana Rodríguez Veloso (SAE)

Na sede da Consellería de Sanidade, en Santiago de Compostela, o 2 de decembro de 2009, previa convocatoria a todos os membros de Mesa Sectorial coa seguinte orde do día:

“Información sobre a situación de acordos”, as partes

### **EXPOÑEN:**

A Administración Sanitaria, como consecuencia do actual contexto económico e da suspensión dos acordos retributivos recollida no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, sobre a que existe o desacordo manifestado por parte das organizacións sindicais da mesa sectorial, someterá ao Consello da Xunta de Galicia o escenario temporal de cumprimento dos acordos presentado na mesa sectorial de 19 de novembro de 2009; unha vez aprobado será

publicado no Diario Oficial de Galicia, co propósito de darlle as máximas garantías xurídicas ao dito cronograma. Xúntanse os anexos correspondentes.

Como consecuencia da modificación do citado escenario temporal a Administración sanitaria comprométese a asumir, para o período que abrangue a proposta, o seguinte:

1.- Cumprimento dos acordos negociados en Mesa Sectorial, coas necesarias adaptacións do calendario de negociación derivadas do novo marco temporal de vixencia dos acordos.

En consecuencia, no segundo semestre de 2013 iniciarase na mesa sectorial a negociación dun novo acordo xeral para a mellora das condicións de traballo e retributivas.

2.- Réxime de carreira profesional:

Réxime ordinario:

- Ano 2010: Iniciar no primeiro trimestre a negociación do réxime ordinario de carreira profesional. A dita negociación incluírá a definición do ámbito persoal e do réxime de enlace entre os sistemas extraordinario e ordinario de carreira profesional.
- Ano 2011: Implantar o réxime ordinario de carreira profesional, co inicio das avaliacións e os correspondentes recoñecementos con efectos económicos do ano 2011, definindo coa Mesa Sectorial o calendario de pagamentos en función das circunstancias económicas.

Réxime extraordinario:

- A Administración comprométese a negociar un réxime extraordinario de carreira profesional para o persoal da Lei 17/89 que se integre no réxime estatutario como consecuencia do proceso actualmente en tramitación, e así mesmo para o persoal xa integrado do Hospital Básico de Defensa de Ferrol, tendo en conta sempre as circunstancias económicas concorrentes no momento da negociación.

- Consonte ao novo calendario, incluírase a actualización das contías dos incrementos respectivos que se establezan nas Leis de orzamentos dos anos anteriores para o persoal de xestión e servizos e sanitarios de formación profesional.

3.- Durante o primeiro trimestre de 2010, iniciarase a negociación da norma reguladora das medidas para a adaptación do sistema retributivo ao pago por TIS.

4.- A Administración comprométese a promover a participación das organizacións sindicais asinantes da presente acta nas actividades de estudo e proposta residenciais nos grupos de traballo previstos no acordo 2008-2012 (mobilidade de persoal estatutario; réxime de vacacións, permisos e licencias; acción social; xornada de traballo). Dita participación farase efectiva de modo preferente mediante a incorporación de ditas organizacións asinantes aos referidos grupos de traballo.

Coa asunción destes compromisos por parte da Administración, as partes ratifican a vontade de diálogo e impulso da actividade negociadora propia e no ámbito da Mesa Sectorial.

Pola administración:

Polas organizacións sindicais:

CIG:

CC.OO.:

UGT:

CESMSATSE

USAE

CSI-CSIF